



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E ASOC. DE CRIADORES DE CABALO DE PURA RAZA GALEGA (PURAGA) PARA A CONSERVACIÓN, DESENVOLVEMENTO E UTILIZACIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS DA RAZA EQUINA CABALO DE PURA RAZA GALEGA, E O FOMENTO E PROMOCIÓN DOS SEUS PRODUTOS DERIVADOS, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

Esta consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia e, en consecuencia, nos programas de mellora xenética do gando, tal como se recolle no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a conservación dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción.

Antecedentes:

En Galicia, a explotación sostible e rendible dos recursos xenéticos gandeiros autóctonos en sistemas de produción de calidade altamente compatibles co medio ambiente, é posible en gran parte pola rusticidade e a gran capacidade adaptativa das razas, ao que habería que sumar a facilidade de manexo e mansedume características. Xogan un papel fundamental nas zonas rurais, non so pola súa contribución no coidado da paisaxe o do medio natural, senón tamén dende un punto de vista social e económico.

A submedida 10.2 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020 relativa á conservación de recursos xenéticos na agricultura, ten entre os seus obxectivos a recuperación da variabilidade xenética, e a súa potenciación, de ser o caso, así como a diferenciación da produción das razas autóctonas do resto de produtos existentes no mercado na procura dun mercado específico para este tipo de producións e que leve parello un incremento do valor destes animais.

PURAGA é unha asociación sen ánimo de lucro, creada en outubro de 2005, con ámbito de actuación en toda Galicia. É a entidade oficialmente recoñecida pola Comunidade Autónoma para a xestión do libro xenealóxico do Cabalo de Pura Raza Galega, e o



desenvolvemento do seu Programa de mellora, aprobado por resolución da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria do 24 de xaneiro de 2013.

Entre os seus fins destaca a preservación do patrimonio xenético da raza para xeracións vindeiras ademais da promoción e difusión da raza entre o público en xeral.

A Consellería do Medio Rural e PURAGA veñen colaborando nos sucesivos Programas de desenvolvemento rural de Galicia mediante actuacións na conservación dos recursos zooxenéticos autóctonos. No ano 2016 asinou o último convenio para a conservación, desenvolvemento e utilización sostible dos recursos zooxenéticos da raza equina Cabalo de Pura Raza Galega, e o fomento e promoción dos seus produtos derivados.

Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co PURAGA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, que en ningún caso será anterior ao 1 de xaneiro de 2020, ata o 31 de decembro de 2022.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Medio Rural e PURAGA para a conservación, desenvolvemento e utilización sostible dos recursos zooxenéticos da raza equina Cabalo de Pura Raza Galega, a promoción dos seus produtos derivados e o fomento do uso comercial destes como elemento clave para a súa conservación.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A explotación sostible e rendible dos recursos xenéticos gandeiros autóctonos mediante o aproveitamento dos recursos naturais sen esquecer a protección do medio ambiente, é posible en gran parte pola rusticidade e a gran capacidade adaptativa destas razas. Esta forma de produción característica supón o valor engadido no que se debe apoiar a súa conservación e fomento. Este valor agregado esténdese tamén aos produtos que se obteñen das mesmas, diferenciándoos e incrementando a súa demanda e prezo.

Ao mesmo tempo, a submedida 10.2 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020 relativa á conservación de recursos xenéticos na agricultura, ten entre os seus propósitos o de aportar o valor engadido asociado a aqueles sistemas de produción gandeira que contribúan ao mantemento da biodiversidade e estean en sintonía coa protección medioambiental.

Os traballos de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e PURAGA con razas en perigo de extinción deben ser ininterrompidos, as labores de conservación, asesoramento e difusión non deberían deterse polo que a renovación dos compromisos



adquiridos suporá unha continuidade temporal que resulta imprescindible nas tarefas de recuperación destas razas autóctonas.

O desenvolvemento deste programa, só é posible coa participación de PURAGA. Trátase da única entidade recoñecida oficialmente pola Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión do Libro Xenealóxico da raza, aglutina aos criadores e é a única que conta coa experiencia, formación e coñecementos necesarios para realizalo. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrência competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa.

O procedemento ordinario de concorrência pública na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto PURAGA resulta imprescindible para a execución do programa. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso se expresa o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

PURAGA cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, á data da sinatura.

O director xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Asinado dixitalmente no lateral.

